

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE COPIA DE INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN

[Aprobado en reunión de claustro de data 30/06/2022]

Durante o período de realización da proba correspondente a instrumento de avaliación, en período lectivo, o alumnado permanecerá na aula, aínda que terminase a proba.

Se o comportamento do alumnado fose inadecuado ou dificultase o inicio da proba, poderáselle impoñer a sanción correctiva oportuna (parte disciplinario), poidéndose seguir o procedemento descrito no presente protocolo

A persoa docente poderá establecer a non presenza en cadeiras e mesas de libros, apuntamentos, notas, pepeis, etc, podendo indicar ao alumnado que deben proceder a gardalo nunha mochila, carteira ou carpeta ou situándolo nun lugar que a persoa docente considere que pode facilitar o seu control.

Considerarase que un estudante está a copiar nos seguintes supostos:

- Suplantación dun membro da comunidade educativa ou consentimento para ser suplantado
- Actuacións premeditadas na realización de instrumentos de avaliación tendentes a falsear os seus resultados como plaxios, copias textuais, utilización na proba de documentos ou aparatos non permitidos.
- Non entrega de documento de avaliación no proceso de recollida do mesmo ou cambio de documento.
- Apoderarse indebidamente de modelo de instrumento de avaliación
- Comunicación verbal cos compañeiros directamente ou ben se comunicación ou obtención de información a través de calquera medio programable, como o uso de calculadoras sen permiso, audífonos, teléfonos móbiles ou outros dispositivos electrónicos con capacidade para o almacenamento de voz e/ou de datos ou reloxos que acheguen algunhas prestacións equivalentes ás anteriores.

Co fin de asegurar que non se están utilizando audífonos nin auriculares, todos os estudantes haberán de ter ao descuberto os seus pavillóns auditivos durante a realización dos exames

PROCEDIMENTO A SEGUIR

No momento en que o profesorado considere que o alumno procedeu a realización dunha conduta englobable dentro dos supostos antes mencionado procederá a retirarlle o documento. Tan pronto como sexa posible se cumprimentará, tanto no Xade como por escrito o documento de "resolución sobre medidas correctoras e



cómputables de conductas leves contrarias á convivencia para os efectos de determinación de reiteración” (parte) .

A sanción que se aplicará será a de suspensión do dereito a participar na clase na que se desenvolveu a conduta por un periodo de un día”

En principio, o instrumento de avaliación en concreto quedaría sen calificar e se lle aplicaríase a mesma consideración que a non realización do mesmo por unha causa inxustificada